

LIII

Festa do Carneiro ao Espeto[®] Moraña

DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO GALEGO

Do 10 ao 31 de Xullo

Programa 2022

Colaboran



galicia



//ABANCA

Organiza



Concello de
MORAÑA

www.festadocarneirooespeto.com

SÁBADO 10 DE XULLO

20:00 Horas. CERTAME CORAIS

No Multiusos teremos a actuación do Coro Martín Códax da Casa de Galicia de Córdoba e a Coral Voces Amigas de Moraña.

SÁBADO 16 DE XULLO

19:00 Horas. SHOWCOOKING

Na Carballeira de Santa Lucía o chef Miguel Mosteiro de Gastrolab Arousa faranos unha demostración culinaria de dous pratos a base de carneiro, para un máximo de 30 persoas.

Para participar é obrigatorio inscribirse con anterioridade na Casa de Cultura.

21:00 Horas. ESPÉTALLE UN PINCHO

Terá lugar un ano máis na Carballeira de Santa Lucía. Poderemos degustar as distintas formas de preparar o carneiro que nos ofrecerán os bares e restaurantes participantes.

A velada estará amenizada coa actuación de Pablo Balseiro e os Cascarillas.

DOMINGO 17 DE XULLO

09:00 Horas. BTT CARNEIRO Ó ESPETO

Sairá da explanada, a carón do Multiusos, a BTT Carneiro ó Espeto, que percorrerá varias parroquias do concello.

Organizada pola Asoc. Cultural Romería de Santa Xusta de Moraña.

XOVES 21 DE XULLO

12:00 Horas. CONTACONTOS

Polo correo do vento representaranos no Multiusos a obra "De Valdeorras a México".

16:30 Horas. FESTA ACUÁTICA

Na Piscina Municipal haberá actividades acuáticas coas que gozar dunha divertida tarde.

VENRES 22 DE XULLO

16:00 Horas. TORNEO INTERPARROQUIAL DE FÚTBOL

No Campo de Fútbol de O Buelo terá lugar o Torneo Interparroquial de Fútbol, organizado pola Asoc. Cultural Romería de Santa Xusta de Moraña e o Moraña C.F.

O torneo disputarase durante a fin de semana, sendo a final o domingo 24 ás 19:00 horas.

21:00 Horas. CONCERTO DE VERÁN

Na Praza do Concello, os nenos e nenas da Escola de Música Municipal de Moraña deleitarannos cun concerto no que tocarán pezas instrumentais e vocais de estilo variado.

SÁBADO 23 DE XULLO

21:30 Horas. AGNUS SUMMER FEST

Na explanada, a carón do Multiusos, teremos a actuación de diversos DJ autonómicos e nacionais.

Organizado pola Asoc. Cultural Romería de Santa Xusta de Moraña.

Teredes máis información no de facebook ou instagram @agnussummerfest.

DOMINGO 24 DE XULLO

10:30 Horas. VIII CARREIRA CARNEIRO Ó ESPETO

Actividade financiada pola Deputación de Pontevedra, con cargo ao Plan Concellos 2022. Liña 2.



Organizada polos clubs de atletismo +9 Moraña e Moraña en Ruta, o deporte volverá encher as rúas de Santa Lucía. A saída será na Rúa 5 de Santa Lucía, percorrendo varias rúas do casco urbano e arredores. Haberá agasallos para os participantes e trofeos para os tres primeiros de cada categoría.

21:30 Horas. TEATRO

No Multiusos, a compañía Malasombra Teatro representará a comedia "DE ALGO HAI QUE MORRER".

MARTES 26 DE XULLO

17:30 Horas. XOGOS MULTIAVENTURA

Na zona deportiva da Rúa 71 teremos actividades como inchables, lasertag, fútbol humano e toro mecánico para todas e todos os que queirades participar.

20:00 Horas. NOITE DE VIDEOXOGOS

No Multiusos. A partir de 12 anos. Noite de videoxogos na que haberá unha gran variedade das últimas novidades de Play Station 5 e Nintendo Switch para xogar individualmente ou en grupo.

Animádevos a participar nesta aventura.

Prazas limitadas. Obrigatorio inscribivos con anterioridade na Casa de Cultura.

MÉRCORES 27 DE XULLO

22:30 Horas. CINE NA RÚA

Na explanada do Multiusos proxectaremos a divertida comedia familiar dirixida e protagonizada por Santiago Segura "Padre no hay más que uno 2: La llegada de la suegra".

XOVES 28 DE XULLO

20:00 Horas. FESTA INFANTIL

No patio traseiro da Casa de Cultura, vinde a pasar unha tarde divertida co DJ Javi Solla, bailaredes todos e todas. Ademais teremos cócteles saudables para refrescarvos entre baile e baile.

23:00 Horas. FESTA HOLI

Tamén no patio traseiro da Casa de Cultura. Festa de cores destinada á xuventude de 12 a 17 anos. Música con DJ e cócteles sen alcohol. Debedes inscribivos na Biblioteca. Prazas limitadas.

VENRES 29 DE XULLO

19:00 Horas. ESPECTÁCULO NOVO CIRCO

A Compañía SU.MA. faranos pasar unha divertida tarde co seu espectáculo IKIGAI, un espectáculo familiar de danza-circo cunha montaxe de 360°. Premio do público no Festaclown 2020. No patio traseiro da Casa de Cultura.

20:30 Horas. INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN "30 ANOS DA ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS O MENHIR"

No Multiusos inauguraremos a exposición conmemorativa do 30 aniversario desta asociación. MostRARANNOS traballos de cestería tradicional e de deseño, restauración, labores, manualidades, pintura e a colección "Bolsos rurais 2022".

23:00 Horas. VERBENA

Coa actuación das orquestras:

MIRAMAR MARBELLA

SÁBADO 30 DE XULLO

11:00 Horas. FESTA DA BICICLETA

A Carballeira de Santa Lucía será o lugar de encontro de todas as persoas, grandes e pequenos, que queirades acompañarnos a dar un paseo en bicicleta. Primeiro percorrерemos as rúas do núcleo urbano acompañados da Banda de Música Nova Lira de Moraña, para logo visitar distintos lugares do noso concello.

Haberá camisetas para todos os que participedes e sortearemos algún que outro agasallo.

23:00 Horas. GRAN GALA CARNEIRO Ó ESPETO

Coas actuacións de:

EURO ABBA ANDY & LUCAS JOSÉ DE RICO FIESTA KIOTO

DOMINGO 31 DE XULLO

11:00 Horas. ANIMACIÓN DE RÚA

A cargo da Charanga OS ENCERELLADOS

14:00 Horas. ASIGNACIÓN DE LOTES

14:30 Horas. EXTRAORDINARIO XANTAR DO CARNEIRO Ó ESPETO

Sobremesa amenizada pola Charanga OS ENCERELLADOS.

20:00 Horas. Actuación de **MILLADOIRO**

22:30 Horas. Remate de festas coa actuación de

PARÍS DE NOIA